

ACTIVIDADES PARA 6º A DE LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS. SEMANA DO 15 AO 19 DE XUÑO.

Ola rapaces, xa chegamos á derradeira semana deste curso!

Despedímonos virtualmente aínda que espero que realicedes as actividades que vos vou propor, xa que imos seguir vendo espectáculos musicais e viaxando.

Esta semana é moi importante que:

- **Que vaiades buscar o material e devolvades todo o que teñades da biblioteca do centro e da aula (libros, películas, mochila viaxeira...).**
- **Que recollades o sobre de matrícula para o IES Ribeira do Louro.**
- **Que esteades atentos as instrucións sobre a recollida de notas.**

As actividades de cada área tédelas na plataforma E-Dixgal, nun novo bloque **que se titula: “Tarefas para a semana do 15 ao 19 de xuño”**.

Tedes os foros de cada semana para preguntar as dúbidas e lembre os meus correos por si queredes poñervos en contacto comigo ou enviar algunhas das actividades (as que poden pesar máis): m.mar.lorenzo.nunez@edu.xunta.es e marribeira@gmail.com. **E debaixo dos foros hai sempre un documento que explica as actividades de cada semana: Tarefas (no que explico todo o que hai que realizar, polo que é moi importante lelo antes de comezar).**

Tamén tedes unha carpeta que se chama 6º sinxelos, por si non sodes capaces de realizar as actividades que vos colguei en E-Dixgal.

O alumno que está exento de galego, ten que lembrar que se non é quen de realizar as actividades propostas, ten un curso en E-Dixgal especificamente creado para el, con actividades para que practique.

Lembre que en todas as áreas tedes fichas e enlaces a actividades de distinta dificultade.

Tamén quero que esta semana entredes nas actividades que me enviastes, leades as correccións con detemento e volvedes a envialas no caso de que volo solicite.

APROVEITA ESTE TEMPO PARA MELLORAR, É O TEU TRABALLO (EU AXÚDOTE).

**Importante: realizade as actividades das semanas pasadas antes de pasar ás desta.
O que non saibades PREGUNTÁDEMO polos foros ou correo.**

Xa falei con todos vós por teléfono, abalar móbil, whatsapp e a plataforma, polo que respecta ás actividades que debedes realizar en tódalas áreas e, en concreto, das que vos imparto eu.

Si alguén ten dificultades para realizar as actividades que propoño para cada semana lembre que tedes actividades de reforzo na primeira entrega de tarefas. Viravos moi ben aos que non superastes as áreas e para todos supón un bo reforzo .

Lémbrovos que o departamento de orientación e a mestra de PROA poñen a vosa disposición na web do centro actividades de reforzo.

**UN BICO E UNHA APERTA MOI GRANDE PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS,
FOI UN PRACER COMPARTIR CON VÓS ESTE CURSO ESCOLAR.**

BO VERÁN!